Usuario: _____ **Data:** _____

Os animais

Como se chama(n)?

* Os seres vivos que se alimentan doutros organismos. [ ]

* Os seres vivos formados por máis dunha célula. [ ]

* A parte máis pequena con vida na que podemos dividir un animal. [ ]

* O tipo de células que forman os animais. [ ]

Coloca no lugar correspondente as partes da célula animal.

Membrana plasmática

Orgánulos

Núcleo

Citoplasma

Di que nome recibe cada tecido.

* Tecido que ten unha función de soporte, que dá forma ás estruturas corporais e aos órganos, ao mesmo tempo que os protexe, os cohesiona e os illa. [ ]

* Tecido especializado en procesar información. [ ]

* Tecido formado por células que se unen estreitamente para recubrir superficies corporais internas, como os vasos sanguíneos, ou externas, como a pel. [ ]

* Tecido formado por células que teñen a capacidade de contraerse e permiten o movemento de órganos e do propio animal. Aparece, por exemplo, nos músculos. [ ]

Arrastra. Di como se chama cada un dos procesos da nutrición.

Circulación Dixestión Excreción Respiración

** Proceso que serve para transformar os alimentos que inxerimos en substancias que as nosas células poidan empregar. [ ]

** Proceso que supón a captación de osíxeno, necesario para o funcionamento das células, e a eliminación do dióxido de carbono. [ ]

** Proceso que permite que substancias útiles para a célula cheguen ata elas e as de refugallo sexan transportadas cara a órganos encargados de eliminalas. [ ]

** Proceso que permite a eliminación de substancias de refugallo cara ao exterior. [ ]

Tendo en conta como se alimenta, arrastra cada animal ao seu lugar.

Lamprea Vaca Esponxa Tenia Lobo

Vampiro Balea branca Ovella León Parasitos

Aliméntanse a través da pel		
Aliméntanse de líquidos		
Son filtradores		
Son depredadores		
Son herbívoros		

Di como respira cada un dos seguintes grupos de animais. Une.

Peixes Aves Insectos Esponxas

Por traqueas Por branquias Pola pel Por pulmóns

Na función de relación, di como se chama(n)…

** Os órganos encargados de recibir os estímulos. ____

** O encargado de procesar a información para elaborar unha resposta axeitada a cada estímulo. ____

** Os órganos encargados de executar a resposta. ____

Di como se chama(n).

* A reproducción na que é necesaria a intervención de dous proxenitores, un macho e unha femia: Externa Asexual Sexual Machista

* A células especializadas na reproducción. ____

* O proceso no que se unen un óvulo e un espermatozoide. ____

* Os órganos especializados na produción de gametos. ____

* A reproducción na que intervén un só proxenitor que dá lugar a un novo individuo exactamente igual a el. Externa Asexual Sexual Individual

* A fecundación que ocorre no interior do corpo do animal. ____

* O gameto que producen as femias: cigoto óvulo espermatozoide

* O gameto que producen os machos: cigoto óvulo espermatozoide

* A fecundación que ocorre fóra do corpo do animal. ____

* O proceso polo que o macho deposita espermatozoides dentro do corpo da femia. ____

* As fases polas que un animal vai pasando desde o seu nacemento ata que se reproduce e dá lugar a un novo individuo, o cal comezará de novo o ciclo. ____

* O tipo máis común de reprodución nos animais: Externa Asexual Sexual Típica

* O cambio que teñen os anfibios no seu corpo para pasar de cría a adulto. ____

* O tipo de reprodución que teñen as esponxas ou as medusas. ____